

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV01	Carrozaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0258	Elementos estruturais do vehículo	2023/2024	9	193	193

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FERNANDO PERNAS PRIETO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Reparar deformacións de elementos fixos estruturais da carrozaría manexando os equipamentos requiridos e aplicando as técnicas adecuadas.

Coñecer os fundamentos teóricos detrás da práctica a desenvolver.

Verificar os resultados das intervencións mediante a comparación cos estándares de calidade establecidos en fábrica.

Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos dentro do ámbito da súa competencia.

O currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó técnico en carrozaría ven determinado a nivel de Galiza polo Decreto 59/2010, do 18 de marazo e publicado no Dog.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Tipos de carrozaría e características estruturais.	Estudio da carrozaría dende o seu orixen.	40	20
2	Tipos de bancada e equipos de estiraxe	Estudio da bancada: tipos e métodos de medición.	55	30
3	Estiraxe da carrozaría. Reparación	Estudio dos métodos de traballo e estiraxe.	65	35
4	Verificación da reparación.	Estudio das partes reparadas.	33	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Tipos de carrozaría e características estruturais.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dun vehículo ao ser sometida a cargas de distintos tipos.
CA1.2 Descríbense os métodos e os equipamentos de diagnóstico de danos en relación coas deformacións que haxa que controlar.

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de carrozarías empregadas en vehículos: monocasco, autoportante e bastidor.
Composición modular dunha carrozaría
Deformación tridimensional da carrozaría ao ser sometida a cargas.
Útiles de colocación e ancoraxe.
Interpretación de documentación técnica.
Coñecemento de bancadas e de útiles de estiraxe.
Bancadas (universal e de control positivo).
Calibraxe e axuste de equipamentos de medición.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Tipos de bancada e equipos de estiraxe	55

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.	NO
RA2 - Fixa a carrozaría, o bastidor ou a cabina á bancada cos medios necesarios, tendo en conta a relación entre as deformacións que haxa que reparar e as especificacións técnicas da bancada.	NO
RA3 - Mide deformacións sufridas pola carrozaría, o bastidor ou a cabina, e describe as técnicas e os equipamentos de medida que se vaian utilizar.	NO
RA4 - Determina as direccións de tiro correctas e os puntos de aplicación dos esforzos, analizando a deformación e as etapas que se van requirir para a estiraxe.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os parámetros que haxa que comprobar na estrutura do vehículo.
CA1.4 Interpretouse a documentación técnica correspondente.
CA1.5 Realizáronse medidas dos parámetros determinados con aliñador e compás de varas sobre maquetas ou vehículos reais con algunha deformación.
CA1.6 Relaciónáronse os datos obtidos no proceso de medición cos subministrados pola documentación técnica.
CA2.1 Determinouse a deformación sufrida na carrozaría.
CA2.2 Desmontáronse os elementos do vehículo necesarios antes de o colocar na bancada.
CA2.3 Seleccionáronse os útiles de colocación e ancoraxe da carrozaría.
CA3.1 Identifícanse os elementos dunha bancada universal e doutra de control positivo, en relación coa súa función.
CA3.3 Seleccionouse a documentación técnica correspondente.
CA3.4 Interpretáronse as fichas de medición de diferentes tipos de bancada ou equipamentos de medición.
CA4.1 Seleccionouse a documentación técnica correspondente.
CA4.2 Identifícanse os útiles e os equipamentos para a estiraxe en bancadas universais e de control positivo.
CA4.3 Relaciónáronse os útiles e os equipamentos coa súa función.

4.2.e) Contidos

Contidos
Estática.
Sistemas de forzas: composición e descomposición.
Resultante e momentos resultantes.

Contidos

Documentación técnica das estruturas do vehículo: planos e simboloxía de fábrica do vehículo e da bancada.

Útiles de colocación e ancoraxe.

Interpretación de documentación técnica.

Procedementos de colocación e ancoraxe.

Determinación dos puntos de ancoraxe.

Coñecemento de bancadas e de útiles de estiraxe.

Bancadas (universal e de control positivo).

Calibraxe e axuste de equipamentos de medición.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Estiraxe da carrozaría. Reparación	65

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.	NO
RA2 - Fixa a carrozaría, o bastidor ou a cabina á bancada cos medios necesarios, tendo en conta a relación entre as deformacións que haxa que reparar e as especificacións técnicas da bancada.	NO
RA3 - Mide deformacións sufridas pola carrozaría, o bastidor ou a cabina, e describe as técnicas e os equipamentos de medida que se vaian utilizar.	NO
RA4 - Determina as direccións de tiro correctas e os puntos de aplicación dos esforzos, analizando a deformación e as etapas que se van requirir para a estiraxe.	SI
RA5 - Conforma a carrozaría cos equipamentos e os útiles de estiraxe, substituindo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Diagnosticáronse os danos sufridos.
CA1.8 Cotáronse tridimensionalmente as zonas deformadas.
CA2.2 Desmontáronse os elementos do vehículo necesarios antes de o colocar na bancada.
CA2.3 Seleccionáronse os útiles de colocación e ancoraxe da carrozaría.
CA2.4 Seleccionouse a documentación técnica e interpretáronse os datos técnicos correspondentes.
CA2.5 Determináronse correctamente os puntos de fixación e control en función das deformacións e da reparación que haxa que realizar.
CA2.6 Limpáronse as zonas de fixación e as mordazas de amarre.
CA2.7 Colocouse o vehículo na bancada segundo as especificacións técnicas.
CA2.8 Amarrouse a carrozaría, o bastidor ou a cabina nos puntos de ancoraxe determinados.
CA2.9 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
CA2.10 Resolvéronse satisfactoriamente os problemas formulados no desenvolvemento da súa actividade.
CA3.2 Descríbense sistemas de medición (sistemas informatizados, galgas de nivel, etc.).
CA3.5 Calibróuse e axustouse o equipamento de medición.
CA3.6 Colocouse o equipamento de medición segundo a deformación que cumpra medir.
CA3.7 Identifícanse os puntos de referencia para medir as cotas segundo as fichas técnicas.
CA3.8 Medíronse as cotas previamente identificadas.
CA3.9 Comparáronse os valores obtidos cos dados na ficha técnica.

Criterios de avaliación
CA3.10 Obtivéronse as desviacións sufridas na carrozaría, no bastidor ou na cabina.
CA4.1 Seleccionouse a documentación técnica correspondente.
CA4.2 Identificáronse os útiles e os equipamentos para a estiraxe en bancadas universais e de control positivo.
CA4.3 Relacionáronse os útiles e os equipamentos coa súa función.
CA4.4 Seleccionáronse os útiles e os equipamentos que haxa que utilizar en función da magnitude do esforzo que cumpra realizar e a forma da ancoraxe.
CA4.5 Determináronse os puntos de aplicación dos tiros e os contratiros, tendo en conta a conformación da estrutura que haxa que conseguir.
CA4.6 Determináronse as direccións dos tiros e os contratiros en función da etapa do proceso de estiraxe.
CA4.7 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos laborais.
CA5.1 Colocáronse os útiles e os equipamentos de estiraxe nos puntos determinados.
CA5.2 Colocáronse os medios de seguridade esixidos.
CA5.3 Efectuáronse tiros e contratiros na estrutura ata conseguir cadrar as medidas reais coas recollidas nas fichas de control de fábrica.
CA5.4 Controlouse a evolución da estiraxe para que non produza outras deformacións.
CA5.5 Aliviáronse as tensións na chapa ao finalizar cada fase de estiraxe.
CA5.6 Identificáronse as pezas que haxa que reparar ou substituír.
CA5.7 Substituíronse total ou parcialmente os conxuntos ou subconxuntos de pezas estruturais que non se recuperaran, segundo as especificacións técnicas.
CA5.8 Aplicáronse as normas de uso en equipamentos e ferramentas, segundo as especificacións técnicas.
CA5.9 Resolvéronse satisfactoriamente os problemas atopados no proceso de reparación e/ou substitución.
CA5.10 Realizouse o mantemento dos equipamentos, útiles e instalacións que se empregaran no proceso.
CA5.11 Utilizáronse os medios de protección colectivos e individuais asociados ás operacións que se desenvolveran no proceso.
CA5.12 Respectáronse as normas de protección ambiental.
CA5.13 Aplicáronse as normas de uso nas operacións realizadas tendo en conta as normas de seguridade establecidas.
CA5.14 Mantívose a área de traballo coa orde e a limpeza adecuadas, e libre de obstáculos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Medición de parámetros con aliñador, compás de varas, etc.
Deformación tridimensional da carrozaría ao ser sometida a cargas.
Métodos e equipamentos de diagnose de danos.

Contidos

Parámetros que se deben comprobar na estrutura do vehículo.

Técnicas de fixación da carrozaría á bancada.

Coñecemento de bancadas e de útiles de estiraxe.

Bancadas (universal e de control positivo).

Calibraxe e axuste de equipamentos de medición.

Técnicas de medición.

Aparellos de medida.

Determinación de puntos de referencia para realizar medidas.

Medición con manexo de aparellos (sistemas informatizados, galgas de nivel, etc.).

Interpretación da documentación técnica correspondente.

Útiles e equipamentos para a estiraxe en bancadas universais e de control positivo.

Determinación de puntos de aplicación dos tiros e os contratiros.

Direccións correctas dos tiros e dos contratiros.

Colocación dos estiradores.

Substitución de elemento estrutural da carrozaría.

Medidas de seguridade e prevención de riscos laborais

Colocación dos útiles de estiraxe.

Elementos de seguridade na estiraxe.

Manexo da bancada, executando os tiros e os contratiros.

Control da evolución da estiraxe.

Normas de seguridade establecidas.

Uso de equipamentos de protección colectiva e EPI.

Orde e limpeza no desenvolvemento dos procesos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Verificación da reparación.	33

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Verifica que a carrozaría, o bastidor ou a cabina recuperaran as súas dimensións orixinais, tendo en conta as relacións entre as medidas efectuadas e as dadas nas fichas técnicas de fábrica.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Comprobase que os puntos da carrozaría recuperaran as súas cotas orixinais.
CA6.2 Comprobase que as cotas de dirección e ponte traseira sexan as establecidas por fábrica.
CA6.3 Comprobase que, tras a reparación, as zonas de deformación programada e puntos fusibles conservan as súas características.
CA6.4 Comprobase que a reparación se realizara seguindo as especificacións técnicas.
CA6.5 Demostrouse especial interese na inspección das zonas reparadas.
CA6.6 Manexáronse co debido coidado os equipamentos de medición e proba para evitar danos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Comprobacións mediante o uso de aparellos de medida.
Medida de cotas de dirección.
Zonas de deformación programadas e puntos fusibles.
Análise das zonas reparadas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. MÍNIMOS ESIXIBLES

Para obter a cualificación positiva no módulo o alumno deberá ter acadados os seguintes contidos mínimos:

- CA1.1. Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dun vehículo ao ser sometida a cargas de distintos tipos.
- CA1.2. Describíronse os métodos e os equipamentos de diagnóstico de danos en relación coas deformacións que haxa que controlar.
- CA1.3. Identificáronse os parámetros que haxa que comprobar na estrutura do vehículo.
- CA1.4. Interpretouse a documentación técnica correspondente.
- CA1.6. Relacionáronse os datos obtidos no proceso de medición cos subministrados pola documentación técnica.
- CA1.7. Diagnosticáronse os danos sufridos.
- CA1.8. Cotáronse tridimensionalmente as zonas deformadas.
- CA2.1. Determinouse a deformación sufrida na carrozaría.
- CA2.4. Seleccionouse a documentación técnica e interpretáronse os datos técnicos correspondentes.
- CA2.5. Determináronse correctamente os puntos de fixación e control en función das deformacións e da reparación que haxa que realizar.
- CA2.7. Colocouse o vehículo na bancada segundo as especificacións técnicas.
- CA2.8. Amarrouse a carrozaría, o bastidor ou a cabina nos puntos de ancoraxe de-terminados.
- CA2.9. Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- CA2.10. Resolvéronse satisfactoriamente os problemas formulados no desenvolvemento da súa actividade.
- CA3.1. Identificáronse os elementos dunha bancada universal e doutra de control positivo, en relación coa súa función.
- CA3.2. Describíronse sistemas de medición (sistemas informatizados, galgas de nivel, etc.).
- CA3.3. Seleccionouse a documentación técnica correspondente.
- CA3.6. Colocouse o equipamento de medición segundo a deformación que cumpra medir.
- CA3.7. Identificáronse os puntos de referencia para medir as cotas segundo as fichas técnicas.
- CA3.8. Medíronse as cotas previamente identificadas.
- CA3.9. Comparáronse os valores obtidos cos dados na ficha técnica.
- CA3.10. Obtivéronse as desviacións sufridas na carrozaría, no bastidor ou na cabina.
- CA4.2. Identificáronse os útiles e os equipamentos para a estiraxe en bancadas universais e de control positivo.
- CA4.4. Seleccionáronse os útiles e os equipamentos que haxa que utilizar en función da magnitude do esforzo que cumpra realizar e a forma da ancoraxe.
- CA4.5. Determináronse os puntos de aplicación dos tiros e os contratiros, tendo en conta a conformación da estrutura que haxa que conseguir.
- CA4.6. Determináronse as direccións dos tiros e os contratiros en función da etapa do proceso de estiraxe.
- CA4.7. Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- CA5.1. Colocáronse os útiles e os equipamentos de estiraxe nos puntos determina-dos.
- CA5.2. Colocáronse os medios de seguridade esixidos.
- CA5.3. Efectuáronse tiros e contratiros na estrutura ata conseguir cadrar as medidas reais coas recollidas nas fichas de control de fábrica.
- CA5.4. Controlouse a evolución da estiraxe para que non produza outras deforma-cións.
- CA5.5. Aliviáronse as tensións na chapa ao finalizar cada fase de estiraxe.
- CA5.6. Identificáronse as pezas que haxa que reparar ou substituír.
- CA5.7. Substituíronse total ou parcialmente os conxuntos ou subconxuntos de pezas estruturais que non se recuperaran, segundo as especificacións técnicas.

CA5.8. Aplicáronse as normas de uso en equipamentos e ferramentas, segundo as especificacións técnicas.

CA5.9. Resolvéronse satisfactoriamente os problemas atopados no proceso de reparación e/ou substitución.

CA5.11. Utilizáronse os medios de protección colectivos e individuais asociados ás operacións que se desenvolveran no proceso.

CA5.13. Aplicáronse as normas de uso nas operacións realizadas tendo en conta as normas de seguridade establecidas.

CA5.14. Mantívose a área de traballo coa orde e a limpeza adecuadas, e libre de obstáculos.

CA6.1. Comprobouse que os puntos da carrozaría recuperaran as súas cotas orixinais.

CA6.3. Comprobouse que, tras a reparación, as zonas de deformación programada e puntos fusibles conservan as súas características.

CA6.4. Comprobouse que a reparación se realizara seguindo as especificacións técnicas.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación realizarase por cada unha das unidades didácticas das que se compón a programación polo que o alumno deberá acadar os obxectivos recollidos en cada unha delas.

A medición do logro alcanzado en cada un deles medirase a través dos instrumentos de avaliación enumerados no apartado 4d (PE ou LC) en función dos pesos definidos para cada un deles. Estes calcúlanse a partir dos pesos de cada un dos criterios de avaliación que se valora. A medición do logro reflectirase mediante un valor numérico nunha escala de 0 a 10 e empregarase a regra xeral do redondeo: cando a parte decimal sexa 5 ou maior considerárase o enteiro superior, tomándose o enteiro inferior no resto dos casos.

2.1.A NOTA POR AVALIACIÓN

2.1.1. A nota de cada avaliación resultará de realizar a ponderación das notas de cada unha das unidades didácticas en función dos pesos definidos no apartado 3 desta programación. No caso de non ter todas as UD contidas nun trimestre aprobadas, a nota do trimestre será de 4 como máximo.

2.1.2. Avaliación das unidades didácticas:

Avaliarase cada unidade didáctica por separado.

A cualificación da unidade didáctica obterase a partir das seguintes porcentaxes:

a) Se non se realizaron prácticas nesa UD:

--Nota do exame 90%, tendo que obter un 5 ou mais para que faga media.

--Nota do caderno, boletíns e traballo en clase 10%

b) Habendo prácticas nesa UD:

--Nota do exame 45%, tendo que obter un 5 ou mais para que faga media.

--Nota das prácticas 50% . Se hai exame de prácticas, o 60% da nota das prácticas corresponde ó exame de prácticas (tendo que obter un 5 ou mais nese exame para que faga media) e o 40% da nota corresponde as prácticas realizadas no taller.

--Nota do caderno, boletíns e traballo en clase 5%.

Na avaliación das prácticas terá especial relevancia a actitude fronte o traballo, o traballo en equipo, o coidado do material e instalacións, así como a utilización de equipos de seguridade; se o alumno incumpriera algunha destas cuestións poderíase impedir a entrada na aula- taller.

Ó final de cada avaliación poderase plantexar a realización dun exame de RECUPERACIÓN das probas suspensas nese trimestre. Nese caso, a cualificación efectiva de cara ó cálculo da media do trimestre, das unidades didácticas avaliadas mesa proba de recuperación será de 5 si se supera dita proba de recuperación (cualificación numérica obtida na proba de 5 ou mais).

Se o alumno/a non supera todos os RAs e todos os mínimos esixibles da primeira avaliación, a nota da segunda avaliación será de 4.

A nota final será a media ponderada de cada unha das notas das unidades didácticas en función dos pesos definidos na programación. Para superar o módulo o alumno/a deberá ter aprobadas todas e cada unha das UD.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se o alumno/a non é quen de aprobar ó rematar o segundo trimestre todas as U.D, nin nas probas ordinarias nin nas probas de recuperación, poderá facelo en marzo nunha proba final de recuperación do módulo onde se lle examinará daquelas UD que tivera pendentes.

As características desta proba final serán similares ás das probas anteriores e poderá coincidir nas datas ca proba final que teñen que facer os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua.

No caso de non acadar un resultado favorable por algún dos seguintes motivos:

- Non facer correctamente ou non rematar as tarefas propostas.
- Non superar algún mínimo esixible.
- Por non obter unha cualificación suficiente nas probas de recuperación.

O alumnado poderá asistir ás actividades de recuperación no período previsto na normativa, período de realización da FCT (O12/06/2011 Art25.2), que poderán incluír probas escritas e/ou practicas de taller.

En dito período o alumnado poderá facer ou terminar prácticas e tarefas incompletas ou ben, no caso de prácticas ou tarefas con avaliación desfavorable, facer outras novas que serán propostas polo profesor para cada situación concreta ou refacer algunha tarefa non superada.

Se a tarefa non superada consiste nunha ou varias probas escritas, o profesor informará con anterioridade, do momento da recuperación das mesmas. O docente poderá agrupar nunha sola proba escrita os contidos avaliados nas diferentes probas non superadas. Esta proba final se realizaría en xuño.

A cualificación final será a resultante da ponderación das unidades didácticas incluíndo as cualificacións das tarefas ou probas recuperadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación será continua, perdendo o dereito á mesma cando as faltas do alumnado superen o 10% das horas das que consta o módulo.

No caso de perda do dereito á avaliación continua o alumnado poderá realizar unha proba específica tal e como se contempla no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba terá parte teórica e parte práctica. A parte teórica da proba, que se realizará en primeiro lugar, contará cun peso do 50% de cara a nota media da proba, e a parte práctica cun peso do 50%, máis será preciso obter mais dun 5 na parte teórica para poder realizar a parte práctica da proba.

Comunicaranse as datas de estas probas con antelación mediante unha comunicación escrita que se colocará no panel informativo do centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

ReCada semana observárase se están cumprindo as expectativas da programación, podendo introducir algunha modificación na temporalización, para poder cumprir os obxectivos do módulo. Iniciarase con actividades sinxelas, encamiñadas a crear unha base sólida de coñecementos no alumnado, e ir incrementando a complexidade en función dos avances observados. Para iso, é imprescindible realizar un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.

Farase un seguimento mensual da programación e recolleranse nas actas do departamento.

Farase fincape en:

Análise dos resultados de cada proba, traballo e actividade feita na clase.

Análise dos resultados de cada unha das avaliacións

Análise dos cuestionarios de avaliación da práctica docente cubertos polos alumnos de forma anónima.

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Empregarase a observación directa, buscando coñecer as distintas capacidades do alumnado, co fin de adaptar a metodoloxía o mellor posible as necesidades de cada grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha das medidas ordinarias de atención á diversidade que afecta ós elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a todos aqueles aspectos en relación directa coa opción metodolóxica que guía a acción educativa de cada profesor. Así, o reforzo educativo baséase, fundamentalmente, na modificación dos métodos pedagóxicos que se utilizan co resto do alumnado, polo tanto o referente para a promoción do alumno/a destinatario deste tipo de medidas seguen a se-los obxectivos establecidos no currículo. Estarán dirixidos a aqueles alumnos que non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Cando o progreso dun alumno non responda globalmente os obxectivos programados, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo ou Adaptación Curricular.

En ningún caso a Adaptación Curricular poderá afectar a desaparición de obxectivos relacionados con competencias profesionais básicas para o logro da competencia xeral característica do título.

O profesor dun módulo, de forma xeral, aplicará os alumnos que sexa necesario, para dito módulo, as seguintes medidas de reforzo que serán de aplicación en pequeno grupo ou individual:

Dentro das Unidades didácticas, puntos ou obxectivos claves do tema en cuestión por parte do profesor.

Dedicación ou repetición das prácticas ou outras que poidan lograr as mesmas capacidades

Exercicios, cuestións ou problemas de reforzo

Realización de actividades que en todo caso terán unha finalidade de reforzar o aprendizaxe e autonomía do alumno.

Por outro lado, e de forma concreta e obrigatoria, o profesor fará unha exame teórico e/ou práctico de recuperación de cada avaliación suspensa unha vez aplicadas as medidas de reforzo antes mencionadas. Dita proba farase antes da seguinte avaliación, si é avaliada positivamente así figurará no Boletín de Notas do alumno, no apartado de observación.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo profesor que imparte o módulo, co coñecemento do titor e este comunicarllo ó equipo directivo e familia do alumno.

O titor despois de cada sesión de avaliación así como cando se dan as circunstancias que o aconsellen, informará ós pais e alumnos sobre o aproveitamento académico destes e da marcha do proceso educativo. Informándolles da mesma maneira do reforzo educativo que se adopten.

As medidas reflectiránse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente

as familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesor ademais de instructor transmisor de coñecementos técnicos e educador e debe colaborar na formación integral do alumno. Por eso intentará:

Fomento de actitude de respecto cara os demais, fomento de actividades de traballo en equipo. Traballarase tamen na valoración e conservación dos equipos, materiais e instalacións do centro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As que se planifiquen polo departamento anualmente, e aquelas que poidan xurdir no desenvolvemento da programación o longo do curso académico.

10. Outros apartados

10.1) Ensinanza a distancia

10.1) Modalidade semipresencial ou a distancia

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR NOS DISTINTOS CASOS AFECTADOS POLO COVID-19:

1º ENSINO PRESENCIAL: a avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5

2º ENSINO SEMIPRESENCIAL: no caso de que algún alumno este en corentena terá dereito a asistir as clases de forma telemática. Avaliaríase igual que no ensino presencial, os exames fariáanse a través da aula virtual e os traballos se entregarán na aula virtual.

3º FORMACIÓN TELEMÁTICA POR ESTAR TODOS EN CORENTENA: impartiríanse as clases telemáticamente, respetando o horario do curso, e o método de avaliación sería 50% exames a través da aula virtual e 50% traballos entregados tamén a través da aula virtual. Intentaríase respetar o reparto das unidades didácticas por avaliación.

Para aprobar é necesario sacar una nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes.

Encalquera caso para poder facer a media, será necesario acadar un 5 en cada unha das avaliacións.

No caso de que fora necesaria a impartición na modalidade semi presencial, ou ben a distancia teremos as premisas seguintes: Será preciso que o alumno dispoña de conexión a internet, ordenador, web cam e micrófono para poder realizar as sesións online mediante o programa Cisco Webex ou Falemos Xunta.

Ademais os contidos da materia estarán na Aula Virtual para a súa consulta.

Para o alumnado con algunha parte sen superar, realizará o exame final das partes que non superara ao longo do período ordinario.

Para o caso de actividades de recuperación e proba de avaliación extraordinaria realizarase do mesmo xeito descrito nos apartados 6a e 6b desta programación.

No caso de evidenciarse copia de traballos ou exames, o alumno será cualificado con cero puntos na citada proba